



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

*Contratación como persoal laboral fixo en 1 praza de coordinador de actividades acuáticas (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)*

### ANUNCIO

**Contratación como persoal laboral fixo nunha (1) praza de Coordinador de Actividades Acuáticas, incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo, en quenda de acceso libre.**

EXPEDIENTE: 2022/E001/000051 – COORDINADOR ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Por Decreto da Alcaldía núm. 480/2024, de data 21/02/2024, resolveuse contratar a D. **Manuel Andrade Vázquez**, con DNI \*\*\*0832\*\*, como persoal laboral fixo do Concello de Carballo para ocupar unha (1) praza de **Coordinador Actividades Acuáticas** (Grupo IV, Nivel 18) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Procederáse a formalización do perceptivo contrato de persoal laboral fixo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza no mesmo.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

En Carballo, 22 de febreiro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/1269